

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Corrección de erros.-Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas.

Advertido un erro no devandito decreto, publicado no *Diario Oficial de Galicia* número 13, do xoves, 21 de xaneiro de 2010, cómpre facer a seguinte corrección:

-No anexo da páxina 759, no recadro correspondente a lexislación aplicable, onde di: «Decreto 453/2010,...», debe dicir: «Decreto 1/2010,...».

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Decreto 453/2009, do 30 de decembro, polo que se modifica o Decreto 202/1992, do 10 de xullo, polo que se modifica a estrutura da Xunta Consultiva de Caza da Reserva Nacional dos Ancares.

Mediante Lei 37/1966, do 31 de maio, de reservas nacionais, créase, entre outras, a Reserva Nacional de Caza dos Ancares (Lugo).

A dita lei foi desenvolvida polo Decreto 2612/1974, do 9 de agosto, que no seu artigo 2 establece a constitución de xuntas consultivas en cada reserva de caza creada.

Mediante o Real decreto 1535/1984, do 20 de xuño, traspásanse á comunidade autónoma as funcións e servizos do Estado en materia de conservación da natureza, correspondéndolle a esta comunidade a administración e xestión das reservas nacionais de caza.

Mediante o Decreto 202/1992, do 10 de xullo, modificouse a estrutura da Xunta Consultiva de Caza da Reserva Nacional dos Ancares para adaptar a súa composición á estrutura organizativa da Xunta de Galicia e foi modificada posteriormente polo Decreto 311/2001, do 17 de decembro.

Pola súa banda, a Lei de caza de Galicia, Lei 4/1997, do 25 de xuño, prevé igualmente a declaración de reservas de caza e a constitución de xuntas consultivas destas reservas, e prevé especificamente que a reserva nacional de caza dos Ancares, en canto aos terreos abranguidos dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, quedará suxeita ás disposicións da dita lei.

Na actualidade, como consecuencia da nova estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, establecida polo Decreto 83/2009, do 21 de abril, cómpre, para unha maior eficacia e coordina-

ción administrativa, proceder á modificación do artigo 5 do Decreto 202/1992, do 10 de xullo, polo que se modifica a estrutura da Xunta Consultiva de Caza da Reserva Nacional dos Ancares.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro do Medio Rural e logo da deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día trinta de decembro de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo único.-O artigo 5 do Decreto 202/1992, do 10 de xullo, polo que se modifica a estrutura da Xunta Consultiva de Caza da Reserva Nacional dos Ancares, queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 5º

1. A Xunta Consultiva de Caza da Reserva Nacional dos Ancares estará formada polos seguintes membros:

a) O/a delegado/a territorial de Lugo ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente.

b) O/a xefe/a do departamento territorial da consellería competente en materia de conservación da natureza, que actuará como vicepresidente.

c) O/a xefe/a do servizo provincial competente en materia de conservación da natureza.

d) O/a xefe/a do servizo provincial con competencias en materia de montes.

e) O/a xefe/a do servizo provincial con atribucións en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais.

f) O/a xefe/a do servizo provincial competente en materia de infraestruturas agrarias.

g) Un/unha representante da consellería competente en materia de ordenación do territorio.

h) A persoa titular da alcaldía do municipio con termo municipal incluído na reserva.

i) Un/unha representante da Federación Galega de Caza.

j) Un/unha representante das asociacións de cazadores do ámbito provincial de Lugo.

k) Un/unha representante de organizacións relacionadas coa defensa e conservación da natureza con ámbito de actuación en Lugo, inscritas no Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia.

l) Un/unha representante das persoas propietarias particulares dos predios situados dentro da reserva.

m) Un/unha representante dos montes veciñais en man común da reserva.

n) Un/unha representante da Universidade de Santiago de Compostela dependente dun centro do Campus Universitario de Lugo.

ñ) Dous/dúas representantes designados pola consellería competente en materia de conservación da natureza, entre persoas de recoñecido prestixio dentro do campo de ordenación de recursos naturais.